

Estimadas familias:

Esta semana seguimos propoñendo traballo en distintos formatos:

- ✓ Na páxina web do centro: - Fichas repaso en pdf para poder imprimir ou traballar na libreta.
- ✓ Pequeno proxecto “Caderno de viaxeiro/a”.
- ✓ Ferramenta SNAPPET: onde poden traballar as áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas.
- ✓ Lectura do libro on line da editorial Xerais “Fred Quincalla o nómade do mar”.
Dentro da páxina web, poderedes atopar a 5ª ficha do libro.
O enlace para acceder ao libro é o seguinte:
https://issuu.com/edicionsxeraisdegalicia/docs/fred_quincalla_o_nomade_do_mar
- ✓ Esta semana na páxina web do centro dispoñen de tarefas en inglés.

Reiteramos, unha vez máis, que poderán enviarnos algunha das tarefa propostas.

Como xa saben as fichas en pdf levan un solucionario para que os alumnos/as poidan autocorrixirse, tal e como facían diariamente na aula. Isto axudaralles a ver os seus propios erros de forma que a aprendizaxe sexa máis eficaz. Polo tanto, esas actividades serán corrixidas por eles.

As tarefas que nos poderán enviar serán as de elaboración persoal, é dicir, o proxecto do caderno de viaxeiro e as fichas de lectura de Fred Quincalla. Estas últimas, preferiblemente, fágannolas chegar unha vez corrixidas polo solucionario para logo nós revisar as producións propias que nelas se propoñen. Cada un pode ir enviándoas segundo as vaia facendo, sen présas.

A forma de enviar estas tarefas será a través do correo electrónico. Poden facelo de varias maneiras:

- A máis idónea, sempre que sexa posible, sería escanear na impresora o traballo e enviárnolo.

- Se alguén o ten feito a ordenador mandar o arquivo.

- Por último, de non dispoñer de impresora ou escáner poden sacar unha foto do traballo e mandalo.

Os nosos correos son:

4ºA- celestetato@edu.xunta.es

4ºB sonia.barcala@edu.xunta.es

Unha aperta grande e un biquiño para os cativos.

Ánimo e saúde.

As titoras de 4º.